



Estimado/a director/a

Tal como se recolle no artigo 2 da Resolución do 3 de decembro de 2010 (DOG do 14 de decembro), os días 11 e 12 de maio de 2011 para 2º curso de educación secundaria obligatoria, e os días 19 e 20 do mesmo mes para 4º curso de educación primaria, celebraranse na comunidade autónoma de Galicia, as probas da avaliación de diagnóstico do curso 2010-2011.

Froito da experiencia obtida da anterior avaliación de diagnóstico nesta edición incorpóranse as seguintes novedades:

Os materiais correspondentes para a súa aplicación - cadernos das tres competencias avaliadas e cuestionarios de contexto para alumnado e familias - serán distribuídos aos centros educativos directamente desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos días anteriores ás datas de celebración. Os responsables de dita distribución poranse en contacto co centro para confirmar a entrega de dito material. Para calquera incidencia, achégase teléfono de contacto 981566020 e os enderezos electrónicos: [administracion@grafinova.com](mailto:administracion@grafinova.com) ou [comercial@grafinova.com](mailto:comercial@grafinova.com)

O material será recepcionado polo director ou directora do centro, ou persona na que delegue. Ademais será o responsable da súa garda e custodia para garantir a confidencialidade do proceso. Os materiais non poderán ser desprecintados ata o momento de celebración das probas. A inspección educativa realizará un control de calidade deste proceso.

As probas aplicaranse do seguinte xeito:

**En educación secundaria obligatoria:** o día 11 empezarase coa competencia en comunicación lingüística e, a continuación, competencia matemática. A duración de cada proba será de 60 minutos e o alumnado terá un descanso entre elas de 20 minutos. O día 12 realizarase primeiro a competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, cunha duración de 60 minutos, despois un descanso de 20 minutos e rematarase cos cuestionarios de contexto cunha duración de 45 minutos.

**En educación primaria:** o día 19 empezarase coa competencia en comunicación lingüística e, a continuación, competencia matemática. A duración de cada proba será de 60 minutos e o alumnado terá un descanso entre elles de 20 minutos. O día 20 realizarase primeiro a competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, cunha duración de 60 minutos, despois un descanso de 20 minutos e rematarase cos cuestionarios de contexto, cunha duración de 45 minutos.

As probas aplicaranse entre o comienzo do horario lectivo de cada centro e as 13 horas de cada día. Queda a decisión do equipo directivo o axuste dos horarios para adaptar a realización da proba á súa xornada escolar do mellor xeito posible.

O resto do material necesario (listaxe de alumnado, manual de aplicación da proba, manuais de corrección das tres competencias avaliadas, cuestionario de dirección, cuestionario do profesorado titor, manual de usuario da aplicación *avaldia* e arquivos de audio para a comprensión oral) serán descargados directamente da aplicación *avaldia* polos centros educativos.

A aplicación *avaldia* estará activa a partir do día 4 de maio para que os centros poidan comprobar e actualizar as súas listaxes de alumnado e descargar os manuais de aplicación. A partir do día 6 disporá dos arquivos de audio e cuestionarios de dirección e profesorado titor. No momento da aplicación da proba estarán, ademais, os respectivos manuais de corrección.

Nos próximos días enviaranse aos centros as derradeiras instruccions relativas ao desenvolvemento desta proba.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2011

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

José Luis Mira Lema

